

O LOBO VÍNGASE DO RAPOSO



NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0010_011_id1933_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0010_011_id1933.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcrición de texto
DURACIÓN: 0:03:58

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** Febreiro de 1997
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** Lérez
 - Concello:** Pontevedra
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Teresa Tilve Tobío
 - Idade no momento da recollida:** 56 anos
- **RECOLLEDOR/ORA:** María Xosé Varela Solla
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** A cesta amarrada ao rabo do lobo – Basket tied to wolf's tail
 - Tipo:** Contos de animais
 - Subtipo:** Animais salvaxes
 - Referencia:** 2B AT



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante os anos 90 do século XX, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que participaron nas recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRIPCIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, fábula, raposo, lobo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Esto érase o lobo e o sorro, que son dous ghrandes amigos, e entonces encóntranse no monte, e os dous teñen fame, e dicen:

- Oes, hai unhas vacas contra alí pastando, lástima dunha, che! Que ben o iamos a pasar cunha vaca así.

E dícelle:

- O caso que – dice un contra o outro - O caso é que non che temos corda, con que a prendemos pa levala?

E dícelle un:

- Oes, e se foras – dille o zorro - e se foras a aquela casa, oes, e que che deran unha corda?

E animáronse, e vai un e marchou a buscar unha corda. E efectivamente: traen a corda e prenden a vaca, e o sorro como xa a palabra o dí, é moi astuto, mandou o lobo que levase a corda non? O sea, que chamara pola vaca, e o zorro detrás falándolle á vaca, que de cuando en cuando lle daba unha arañada, arañáballe para que a vaca caminara.

Pero tanto a arañou, tanto a arañou, que a vaca tanto sufría, que a vaca sufría montada pola lobo, levábao a rastro! E o lobo máis que lle encargou:

- Por favor, pero non lle arañes tanto que me está levando a rastro!

O sorro quería facerllo adrede, e máis lle arañaba á vaca, máis lle arañaba á vaca, hasta que a vaca pois doulle un tirón e botou a correr e non a puderon comer e enfadáronse os dous. Hasta que trascorrido un tempo volvéronse a encontrar, e o lobo tíñalle ganas, dixo: «Ti mas vas a pagar a que me fixeches aquel día, ti mas vas a pagar».

Colleu e mui listo o lobo, dixo: «Nada, este voulle facer unha trampa que vaimas pagar a que me fixo aquel día».

E dille:

- Ola.
- Ola.

Salúdanse. Entonces dícelle o lobo:

- Oes ho? Hai un río aí abaixo que muitas truitas ten muchacho! Mira que comín truitas eu hoxel! Ten unhas truitas preciosas!



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

E dille o sorro mui... cunhas ganas de comela, dice:

- Bah, xa o creo pero eu non che sei nadar, ti sabes nadar pero eu non che sei.
- Non te preocupes! Mira, e se buscamos unha cesta e átocha cun cordel aquí ó cuello, ti quedas fóra – dícelle o lobo ó zorro - ; ti quedas fóra e bótasme a cesta no río e eu boto as truitas todas pa cesta e cando a teñamos chea pois retirámonos.

- E de acordo, pois mui ben.
- Pois vale, vale, vale, estupendo.

Entonces o sorro queda fóra coa cesta, cunha cousa colgada ó cuello - cunha cordita ou algo colgada no cuello - e tendo man da cesta. E o outro veña a truchas, o lobo veña a truitas; pero as trucitas non eran truitas en si, eran pedras! Porque ese foi o engaño, un castigo que lle quería facer; as truitas eran pedras e o lobo veña pedras pa cesta, veña pedras pa cesta, pedras pa cesta.. E cando xa casi estaba vencido, que xa casi o arrastraba po río, dícello o zorro:

- Oes, por favor, non me botes máis truitas, quítame unha! Quítame unha que me pesa muito!

- Si, si, non te preocupes.

En vez de quitarlle unha bótaballe outra.

- Ai vai, pois inda me siguen pesando, che! Quítame outra!
- Si, si – e en lugar de quitarlle outra, botáballe outra.

Ata que por fin, o arrastrou e se marchou pa o fondo do río, afogado.

E entonces dice, dice o lobo:

- Aí te quedas, esto é para pagarche, pa que me pagues a que me fixeches. Esto es un castigo por haberme arañado la vaca e arrastrarme polo monte.